

A N O S A V O Z

Revista informativa da Diocese de Lugo

Outubro de 2003

Nº 44 III EPOCA



David



Xosé



Xosé Luis



Luis



Miguel

Ó Servicio da Palabra

Este mes de outubro está marcado, como toda a vida do cristián, pola Palabra de Deus. O libro dos Evanxeos portado por un diácono abría a cerimonia de inauguración do curso no Seminario. O Movemento Bíblico Diocesano inicia tamén novos cursos de estudo da Palabra. Asimesmo, profesores de relixión, catequistas, os movementos de Apostolado Segrar, parroquias e centos de crentes da nosa Diocese inician as súas actividades poñendo a súa mirada na Palabra de Deus.

Oración, estudo, meditación e servizo. Facer viva a Palabra en nós, ése é o reto.

Os cinco seminaristas que recibiron os ministerios do lectorado e o acolitado inician dun xeito especial a súa misión de anuciadores da palabra e de servidores do pobo de Deus.



Curso 2003 - 2004

S U M A R I O

Pastoral:



Obxectivo e liñas de acción para o novo curso.

Páx. 7

Reportaxe:



Celebración do **DOMUND 2003**.

Páx. 4-5

Noticias:



Beatificación da M. Bonifacia, fundadora das servas de San Xosé.

Páx. 6

A gracia dun novo curso

Ola amigos e amigas:

No bulicio das festas de san Froilán, o noso santo patrono, retomámo-lo o noso compromiso de facer posible que esta humilde e sinxela revista diocesana chegue ás vosas mans. Como pórtico desta nova andaina, o noso sincero agradecemento a tódolos que nos permitides entrar nos vosos fogares, e dunha forma particular ós que mediante suscripción ou outras aportacións colaborades para que esta publicación sexa posible.

Para calquera persoa, empezar un novo curso é sempre unha oportunidade. Para os cristiáns é ademais, sobre todo, unha gracia. Si, unha gracia, un don, un regalo que se fai presente nas nosas vidas. Na medida en que, conscientemente, é acollida, introducenos na dinámica da misión. Transfórmanos en testemuñas vivas do resucitado. É este quen nos di: **Alegrádevos... Non teñades medo... Ide polo mundo enteiro anunciando a boa nova a toda a creación.**

A alegría e a esperanza, froitos da gracia, dos que nos fala Xesús, non poden ser máis que compartidos e comunicados. Deixarían de ser tales se pretendemos privatizalos, se non os poñemos ó servizo da comu-

nidade. O mesmo pasa coa fe, que tamén é gracia, non pode ser vivida de modo individualista ou distante.

Precisamente o obxectivo deste novo curso pastoral é cultivar e potencia-la dimensión eclesial da fe. Desta fe vivida como gracia xorde a nosa responsabilidade intransferible -xa que cada quen ten a súa- de colaborar na edificación da comunidade eclesial que Xesús quería. Non estamos sós nesta tarefa, o mesmo resucitado comprométese a acompañarnos: **Asegúrovos que Eu estarei sempre convosco ata a fin do mundo.**



Necesitaremos, sen lugar a dúbida, sentilo cercano. A comunidade cristiá é un dos lugares privilexiados: **Onde dous ou tres se reúnen no meu nome, alí estou Eu.**

Neste camiño contamos, ademais, co exemplo e protección de María, a chea de gracia. Con ela somos *chamados á Misión*, como se nos recorda no Día do Domund. Ela, a primeira discípula do seu propio fillo, é exemplo e estímulo no noso seguimento de Xesús.

Acollamos con gozo e esperanza o reto deste novo curso, no que intentaremos vivir máis a fondo e conscientemente a eclesialidade da fe.

A NOSA VOZ

Revista de información diocesana

DIRECTOR: Miguel Gómez.
CONSELLO DE REDACCIÓN: Manuel Varela, José Manuel Castro Alba, María Xosé Campo López-Barcia e Miguel Rico.
ASESOR LINGÜÍSTICO: Manuel Varela.
EDITA: Secretariado de Medios de Comunicación Social e Vicería de Pastoral da Diocese de Lugo.
DIRECCIÓN: Bispado de Lugo. Praza de Santa María S/N. 27001. Lugo.
Teléfono: (982) 231143
Teléfono-Fax: (982) 251593
E-mail: obispadodelugo@telefonica.net

A NOSA VOZ

DEPOSITO LEGAL: 649.
IMPRIME: La Voz de la Verdad. Polígono Industrial O Ceao.

AXENDA

OUTUBRO

Días 8-11: Xornadas sobre pastoral da saúde en Monforte

Día 17:

- Reunión do Colexio de Arciprestes de 11'00 -15'30 h. na Casa Diocesana
- Asemblea do Movemento Bíblico Diocesano no Salón de actos do Seminario ás 18'30 h.

Día 18: Apertura do Curso de Equipos de Nosa Señora. Seminario ás 18'00 h.

Día 19: Domund

Día 24: Inauguración do Curso Pastoral da Delegación de Apostolado Seglar. Rúa da Cruz ás 20'00 h.

- Comenzan as clases do Movemento Bíblico Diocesano.

Día 25: Inauguración do Curso catequético no Seminario de 10'30 á 13 h.

Días 28: Reunión do Equipo Diocesano de Pastoral de 19'00 á 20'30 h. na rúa da Cruz


NOVEMBRO

Día 1: Tódolos Santos

Día 2: Fieis Defuntos

Día 4 : Reunión dos profesores de Relixión por zonas e centros adscritos

Día 22: xornada de preparación-formación litúrxico-pastoral para o Tempo de Advento e Nadal. Seminario Diocesano de 9'45 á 14'00 h. Dirixe D. Ramiro González Cougil.



Caritas

**Traballemos
pola xustiza.**

Unha formación con personalidade

O Seminario Diocesano de Lugo é un centro de formación cunha personalidade moi definida que ofrece estudos académicos nun ambiente baseado na atención directa e que abrangue a toda a persoa.

Os alumnos poden optar por un réxime de pertenza

O Seminario Diocesano de Lugo ofrece uns estudos académicos de Ensino Secundario Obrigatorio, Bacharelato, en dobre modalidade de Humanidades e Ciencias da Natureza e da Saúde, unido a unha formación global adaptada a toda a persoa.

Entre as actividades extraescolares que se ofrecen ós alumnos destacan: a música, o teatro, a informática, así como os estudos acompañados e de apoio, a atención espiritual, os deportes e outras actividades de tempo libre.

Os referentes educativos para este ano están claramente definidos e perfilados, e poden resumirse nestes puntos:

1. Educación sistemática:

A intervención educativa facémola todos e ha de ser dun xeito ben organizado e harmónico:

pais e fillos, alumnos e profesores, persoal non docente e as institucións.

2. Obxectivos claros e papeis ben definidos.

Ter claros os obxectivos, distribuír tarefas, coordinar responsabilidades, manter comunicación fluída. Peza clave é o titor.

3. Atención a toda a persoa:

O ensino-aprendizaxe vai moito máis alá dos coñecementos ou do saber facer; aspiramos a saber estar e convivir, a ser e vivir con sentido e responsabilidade.

4. Personalización do ensino:

Intentamos adapta-lo proceso educativo ás posibilidades e estratexias de cada alumno.

5. Nivel de esixencia ascendente:

A esixencia para estar xustificada debe cumprir dúas condicións: que sexa autorrealizante e

á institución como interno, mediopensionista ou externo. Neste curso 2003-2004 no Seminario menor hai un total de 110 alumnos, cursando Estudos Eclesiásticos 16, e facendo as prácticas pastorais dous.



O Seminario de Lugo acolle este ano a 110 alumnos

humanizadora.

6. Revaloración do internado:

O internado, como estamos a facer, en grupos pequenos, con atención persoal, bo clima e en combinación equilibrada coa vida familiar, é unha experiencia moi útil para o desenvolvemento da personalidade e para o rendemento académico.

7. Participación de cada familia:

A participación das familias no proceso educativo queremos que sexa de modo directo e persoal.

8. Identidade vocacional:

O Seminario mantén con fidelidade a súa tradición de centro educativo cristián e vocacional.

Miguel Leiva Torreiro, profesor de Tecnoloxía, Física e Química, Matemáticas e Ciencias da Terra.

"Conciencia ambiental e estilos de vida"

En todo momento a lección inaugural de Miguel Leiva fixo honor ó seu título. Tratou por tódolos medios de concienciar-nos da necesidade de coida-lo medio ambiente e de urxirnos a adoptar estilos de vida acordes a este coidado medioambiental.

Comezou cunha relación dos principais problemas ambientais, destacando as desigualdades demográficas e sociais, (guerras, fame, xenofobia) a diminución da biodiversidade, o cambio climático, a contaminación do aire e a acumulación de residuos. E, aínda máis en concreto falou dos problemas específicos de Galicia.

Partindo do Cumio de Estocolmo, celebrado en 1972 e ata o que nunca se reflexionara de forma oficial sobre o medio ambiente, foi comentando os distintos proxectos que dalí xurdiran, resumidos basicamente no título da súa exposición.

Despois do de Estocolmo, veu o Cumio da Terra, celebrado en Río de Xaneiro no ano 1992. Deste cumio nacen acordos internacionais que concretan e

tratan de pór en práctica os proxectos do Cumio de Estocolmo.

Na argumentación da necesidade da conciencia ambiental tampouco faltou a cita á Constitución Española, na que no artigo 45 se regula o dereito que todos temos a gozar dun medio axeitado para o desenvolvemento da persoa, así como o deber de conservalo.


Varias veces insistiu Miguel, en que para nada vale todo isto se a poboación non está concienciada.

Xa, cara ó final, déronsenos unha serie de consellos prácticos para colaborar na conservación potable de todo o medio ambiente.

Opinión.

Visto así, só parece unha conferencia sobre medio ambiente sen máis, das moitas que un día tras outro se pronuncian en todo o mundo.

Pero, houbo unha consideración que fai que esta lección xa non fose tan común: toda ela estaba construída desde un sólido e claro perso-



Na lección inaugural estiveron presentes diversas autoridades civís e relixiosas, xunto co claustro de profesores do Seminario

nalismo comunitario cristián onde Deus é o Creador de todo o que existe (sobre todo das persoas) e, polo tanto, del parte o principio moral que nos obriga a conserva-lo medio. Desde esta clave, o autor inclúe como problema ecolóxico e ambiental a degradación dos seres humanos, as inxustizas sociais, os problemas Norte-Sur, a escravitude dos países do ter-

ceiro mundo, etc. Isto xa non se escoita en tódalas charlas sobre ecoloxía, pois o máis normal é considerar ó home só como suxeito, e nunca como obxecto dos coidados ecolóxicos e ambientais. Se non valorámo-la vida e a dignidade dos seres humanos, ¿como imos coidar e protexe-la vida dos animais e das plantas?.

Miguel Álvarez

Ángeles Pereira é a Delegada Diocesana de Misións. Leva xa un ano ó frente desta Delegación, aínda que a súa colaboración cos misioneiros remóntase moito tempo atrás, como voluntaria nun grupo de rapaces. Recoñece que, aínda sendo moitos os que traballan con ela dende aquí apoiando o labor que fan os misioneiros en todo o mundo, é preciso non decaer nos esforzos. Esforzos e ilusións que se incrementan notablemente neste mes de outubro coa campaña do DOMUND, pero sen esquecer nunca que as necesidades son constantes e non entenden de datas.



O misioneiro “engancha”

Cal é a valoración que fai despois dun ano o fronte da Delegación de Misións?

Moi positiva. Verdadeiramente é moito o traballo que require a Delegación pero tamén é certo que ó meu carón traballan e colaboran moitísimas persoas que coa súa xenerosa axuda permiten sacar adiante as campañas. É importante ter conciencia da necesidade de seguir traballando polas misións. Os misioneiros non estarían alá se nós non estivésemos traballando e colaborando con eles dende aquí.

Cal é o obxectivo da Delegación de Misións para este ano?

O obxectivo é sempre o mesmo: a animación misioneira e a colaboración económica a través das campañas que se desenvolven ó longo do ano: o Domund, o Día do Enfermo Misioneiro, a Infancia Misioneira, o Día do Misioneiro Diocesano... todo incluído, na medida do posible, no obxectivo pastoral da Diocese para este ano que é o de redescubrir e cultiva-la dimensión eclesial da fe.

Parece que cada unha destas accións vai dirixida a sensibilizar a un colectivo de persoas en particular; sen embargo, o DOMUND é a campaña dirixida a todos...

Si, o DOMUND é unha campaña que se dirixe a toda a xente, aínda que nos últimos tempos se está pensando en dirixila algo máis á xente nova; a campaña da Infancia Misioneira, por exemplo, está pensada para chegar ós nenos: os nenos do primeiro mundo traballan, colabo-

ran e rezan polos seus irmáns do terceiro mundo...e así as demais campañas. En todas elas destaca fundamentalmente o seu labor de animación e sensibilización.

Como é a acollida que se fai dende todo a Diocese ó misioneiro?

Realmente moi calurosa, en ningún ámbito recibimos unha negativa por resposta. O traballo polas misións é algo que todos levamos moi dentro; só hai que descubri-lo un pouco.

Como ve Vostede a implicación pastoral dos laicos nas misións?

É unha implicación cada vez maior. Se ben é certo que as vocacións misioneras descenderon nos últimos tempos, hai que destaca-la gran

cantidade de xoves laicos que se marchan ás misións. Este foi precisamente un dos temas que se trataron no Congreso Nacional de Misións ó que acudimos un grupo de persoas que colaboramos habitualmente na Delegación. Son moitos os xoves que teñen gran predisposición a ir ás misións, non como opción de vida definitiva pero si como experiencia que pode durar entre tres e seis anos.

Por outra parte, tamén dicir, que son moitos os xoves laicos que axudan e colaboran coas misións dende aquí. Na Delegación contamos cun grupo de mozos e mozas que se encargan de gran parte do labor de animación. Hai que recoñecer que o tema das misións atrae á xente nova, “engancha”.

Presencia no Congreso Nacional de Misións

Falaba de que estivo, xunto cun grupo de persoas da Diocese, no Congreso Nacional de Misións, que obxectivo tiña?

O Congreso de Misións foi convocado pola Conferencia Episcopal Española, coa intención de reunirnos tódolos implicados dalgunha maneira no mundo misioneiro, falar das misións e darlles un estímulo en España. Observábase, dende

hai tempo, un estancamento e plantexouse a necesidade de facer algo para revitaliza-lo mundo misioneiro. O Congreso foi moi interesante, cun ambiente moi bo entre tódolos participantes de toda España, con ponencias e comunicacións importantes. Quizáis o máis impactante foron os testemuños de misioneiros, algúns deles estiveron en conflitos armados e foi impresionante

comprobar como a súa fe lles fai dar un testemuño de entrega total ós máis desfavorecidos.

Foi unha boa experiencia, porque sempre axuda ver que somos moitos os implicados, e que é necesario seguir coa animación misioneira. É importante a implicación de persoas que marchen a testemuña-la súa fe ós irmáns, para que xurdan vocacións misioneras.

Con María... chamados á misión

Como cada ano no terceiro domingo de outubro, celébrase a Xornada do Domund. Este ano o lema "Con María... chamados á misión" realza e remarca o papel exemplar de María respecto á Igrexa na súa misión apostólica: "A Virxe foi na súa vida exemplo daquel amor de nai que debe animar a tódolos que colaboran na misión apostólica da Igrexa para levar ós homes a unha nova vida".

Na súa mensaxe para o DOMUND 2003 o Papa quere poñer de relevo que a Igrexa toma conciencia de ser misioneira e que se responsabiliza para selo de verdade, cando se pon en relación con María, para imitala no seu camiño de contemplación, de perfección e de maternidade.

A mensaxe deste ano recórdanos que precisamos novos misio-neiros, urxe preparar evanxelizadores competentes e santos; precisamos un novo ardor de animación misioneira: a animación debe seguir sendo un compromiso serio e coherente de todo bautizado e de toda a comunidade eclesial; necesitamos vivir insertados no ritmo da existencia histórica actual; e, finalmente, precisamos construír comunidades eclesiais misioneras a partir da Eucaristía, vivida cun espírito mariano.



O pasado mes de setembro tivo lugar en Burgos o Congreso Nacional de Misións ó que acudiron ó redor de 800 persoas de toda España pertencentes a institucións que traballan e colaboran coa Comisión Episcopal de Misións.



DOMUND 2003



A Obra Pontificia da Propagación da Fe, integrada nas Obras Misionais Pontificias, é a encargada da promover as axudas económicas dos fieis en favor dos territorios de misión. A promoción e a recepción das aportacións económicas é permanente durante o ano por medio dos donativos, esmolas, legados, herdanzas... Ás Direccións Diocesanas e á Dirección Nacional correspóndelles fomentar día a día esta xenerosa solidariedade cos misioneiros. O DOMUND é a Xornada emblemática para realizar esta coo-peración económica, cooperación a que estamos chamados tódolos cristiáns, tódolos membros da Igrexa.

Congreso Nacional de Misións

Os obxectivos do congreso foron os seguintes:

1. Facer unha ampla e profunda reflexión teolóxica e pastoral sobre a responsabilidade misioneira da Igrexa en España. eclesiais de forma que se intensifiquen e fortalezan a animación, a formación e a cooperación misioneira dos fieis cristiáns.
2. Descubrir e analizar os novos ámbitos sociais e culturais da misión *ad gentes* que necesitan ser atendidos nas dioceses españolas.
4. Dar a coñecer á sociedade española a continua e xenerosa aportación dos misioneiros españois a favor dos fieis cristiáns.
3. Aviva-la conciencia misioneira das comunidades

Unha vida ó servizo da muller traballadora

Bonifacia Rodríguez Castro

Fundadora das Servas de San Xosé (Josefinas)

O vindeiro día 9 de novembro o Papa Xoán Paulo II beatificará en Roma a Bonifacia Rodríguez Castro, fundadora das Servas de San Xosé. Esta beatificación é o

Bonifacia Rodríguez Castro naceu en Salamanca o 6 de xuño de 1837. Foi filla dun xastre e, cando o seu pai faleceu, comezou a gañarse a vida ós 15 anos no oficio que aprendera del. A necesidade de traballar para vivir configurou a súa personalidade dende moi cedo e que se manifestaría ó longo da súa vida como a grande loitadora que foi.

Xunto con Francisco Javier Butiñá Hospital, un xesuíta catalán, Bonifacia fundou a Congregación das Servas de San Xosé, o 10 de xaneiro de 1874 en Salamanca. A finalidade apostólica coa que naceu a congregación foi a de acoller nas súas "Casas-taller de Nazaret" a mulleres pobres que carecían de traballo. Aprendíasilles un oficio e eran preparadas para ser traballadoras cristiás. Foi, a de Bonifacia, unha resposta audaz a unha das principais necesidades da época, cando a muller comezaba a saír da casa para buscar traballo nas fábricas.

Xa en 1883 fundou en Zamora unha segunda casa, na que permaneceu ata a súa morte. Neste novo taller Bonifacia converteuse



O vindeiro día 29 de novembro terá lugar unha Eucaristía de acción de grazas na Catedral de Lugo, ás 18:00 h, presidida polo Bispo da Diocese, Frei Xosé Gómez, e a actuación do Orfeón Lucense.

en nai e mestra de rapazas traballadoras sen recursos, ás que ensinou a santificar o traballo irmanándoo coa oración, segundo o modelo da familia de Nazaret. Coa caridade como principal norma de conducta, aquelas xoves aprendían a realiza-lo traballo como servizo ós demais, nun ambiente de igualdade, sen competencias e loitas, sen ambicións, seguindo os pasos de Xesús, María e Xosé, traballadores en Nazaret.

recoñecemento a una vida adicada ó servizo das mulleres, labor que perdura e perdurará na congregación que Bonifacia fundou: As Servas de San Xosé.

Bonifacia Rodríguez coñeceu na súa vida a exclusión, a marxinalización, a persecución e a calumnia. E a súa única resposta foi o silencio, o perdón e o amor fraterno. A súa gran humildade, paciencia e fortaleza ó longo da súa vida aseméllanse a Xesús no misterio da paixón.

Cando faleceu o 8 de agosto de 1905, en Zamora, toda a cidade encheuse desta nova: "Morreu unha santa".

O vindeiro 9 de novembro, a Súa Santidade o Papa Xoán Paulo II beatificará en Roma a Bonifacia Rodríguez Castro: "O carisma e a espiritualidade de Bonifacia - manifestan as Servas de San Xosé - estaban cheos de actu-

alidade na súa época e continúan con plena actualidade na nosa, cando con tanta frecuencia as condicións inxustas de traballo deshumanizan ó home e, sobre todo, á muller, facéndoos escravos dun sistema que lles dificulta sentirse fillos de Deus e irmáns".

As Servas de San Xosé estenderon os seus lazos de axuda tamén nos países en vías de desenvolvemento, onde prestan o seu servizo ás mulleres formándoas para o mundo laboral e tratando de que tomen conciencia da súa dignidade no seo da cultura; así as Xosefinas están presentes en América, África, Oceanía, Filipinas...

PRESENCIA EN GALICIA E EN LUGO.

En Galicia son numerosos os labores asistenciais que realizan: Na Coruña traballan con Cáritas no centro Violetas, adicado a formación ocupacional e a impartir cursos de inclusión social e alfabetización. En Porto do Son teñen unha das últimas Escola Fogar que hai en Galicia e na que acollen ós fillos de familias desestructuradas.

Na nosa Diocese atenden a Obra Social co colectivo xitano, e a atención ós minusválidos, en colaboración coa asociación Agora, é o labor que as Servas fan en Monforte de Lemos. A estes labores hai que engadir que teñen colexios nas cidades de Vigo, Ourense, e Lugo.

O obxectivo pastoral da Diocese para este curso

Dende o proceso de personalización da fe, a Vicaría de Pastoral da Diocese plantexa para este curso o obxectivo de redescubrir, cultivar e potencia-la dimensión eclesial da fe.

Liñas de acción:

Como liñas de acción para levar a cabo este obxectivo pópóñense as seguintes:

1. Tendo en conta que a gracia da fe é necesariamente eclesial e como tal introdúcenos nunha comunidade de irmáns; as nosas actitudes imprescindibles en toda actividade pastoral, chamadas a ser expresión e manifestación desa gracia, serán a da acollida, a cercanía, a escoita, o diálogo, a gratuidade e a xenerosidade.
2. Tendo en conta que a decisión persoal que supón a fe acontece e vívese en comunidade; a partir de aquí descubrimos que a nosa responsabilidade intransferi-

ble (xa que cada un ten a súa) é a de preparar e cultivar con esmero as celebracións comunitarias de fe, como acontecementos de gracia e que, como tales, axúdannos a vivi-lo noso ser Igrexa (a dimensión eclesial da fe).

3. Tendo en conta que o carisma é entregado polo Espírito a fin de que o bautizado enriqueza e edifique a Igrexa sentíndose el mesmo Igrexa: axudaremos á vivencia dunha fe encarnada na vida cotiá e acompañaremos a quen vive o compromiso da fe na acción evangelizadora (traballos pastorais) e na acción transformadora (compromiso social).



Accións concretas:

1. Estudiar e configura-lo mapa diocesano das Unidades de Acción Pastoral.
2. Xornadas de formación permanente:
 - 29 de decembro
 - 19 de abril de 2004
3. Xornadas de reparación-formación litúrxico pastoral:
 - Para Advento-Nadal: 22 de novembro de 2003
 - Para Coresma-Semana Santa-Pascua: 21 de febreiro de 2004
4. Organizar e programar,

- xunto cos laicos, relixiosos/os e curas, a nivel de parroquias e de arciprestado, a actividade pastoral.
- 5.- Participar asídua, activa e responsablemente nas distintas reunións de formación-reflexión, de retiro-oración, ou programación pastoral que a nivel de arciprestado ou diocesano se organiza.
- 6.- Creación de Consellos de Pastoral Parroquial e Comisións de Economía.

Novo curso catequético

A Delegación de Catequese pon en marcha un ano máis o curso catequético 2003-04. A inauguración oficial terá lugar o vindeiro día 25 de outubro, no Seminario, de 10:30 a 13 h.

Na xornada de apertura presentaranse os obxectivos para este curso, materiais, criterios e actividades para utilizar na catequese. O Obxectivo xeral deste curso é promover unha catequese ó servizo da iniciación cristiá. Para elo analizarase a realidade catequética para descubrir os retos que se lle plantexan hoxe á educación da fe na nosa Igrexa; propiciárase unha reflexión conxunta de cara a artellar un itinerario global de iniciación cristiá e tentárase concienciar ós axentes da catequese de que a súa tarefa esixe conversión persoal, a maduración na fe e a testemuña de vida.



No Camiño da vida, ¿cal é a túa meta?. A catequese deste curso incide no tema do camiño do cristián.



IN MEMORIAM

D. Xosé García Castro
Naceu o 22 de xuño de 1925 en Toques. No 1949 é ordenado sacerdote polo bispo da Diocese, naquel momento D. Rafael Balanzá. Foi nomeado ecónomo de Sta. Eulalia de Artoño, no ano 1955 de San Critobal de Borraxeiros, no 1966 ecónomo de Sta. María de Ferreira de Pallares, e no 69 de San Pedro de Vilaxuste. En 1970 convértese en arcipreste de Ferreira de Gomelle, e dous anos máis tarde en vicario rexente de Santa Marina de Sarria. En 1973 é membro do III Consello Presbiteral diocesano. Foi profesor de relixión no Instituto de Bacharelato de Sarria. No 1986 foi administrador parroquial de San Vicente de Betote, e finalmente no 1991 administrador parroquial de O Salvador de Sarria. Faleceu o pasado día 1 de setembro ós 78 anos de idade.

Alzheimer:

A enfermidade do século XXI

A enfermidade de Alzheimer é unha enfermidade dexenerativa do cerebro para a que non existe recuperación. Afecta á memoria, ás habilidades, á linguaxe, e progresivamente a outras facultades. Non se coñece actualmente a causa desta enfermidade, polo que é imposible previla e difícil trata-la.

Aproximadamente diagnosticouse a enfermidade a máis de 500.000 persoas en España, aínda que se fala dun total de 800.000 enfermos entre diagnosticados e non diagnosticados. Estímase que no ano 2025 duplicarase o número de enfermos.



A actriz Norma Alejandro interpretou a unha muller enferma de Alzheimer na película "El hijo de la novia".

O pasado mes de setembro celebrouse a xornada mundial de concienciación en torno a esta enfermidade. Destacouse que o Alzheimer constitúe a primeira causa de demencia nos países desenvolvidos, e é unha causa importante de morte, por detrás de enfermidades cardiovasculares e o cancro. Este tipo de demencia foi, ata hai pouco descoñecida para a poboación. Nembargantes, nos últimos anos, produciuse unha gran difusión e información sobre esta enfermidade do século XXI debido ó gran crecemento experimentado. A poboación está a sufrir un incremento no seu envellecemento, e cada vez máis persoas chegan ata os 80 e 90 anos de idade. A enfermidade de Alzheimer é cada vez máis frecuente entre as persoas maiores de 60 anos, pero tamén existen moitos casos de

persoas enfermas cunha idade inferior. Poden observarse dende o punto de vista clínico tres fases diferentes na evolución da enfermidade:

- **1ª fase** ou fase de demencia leve: onde concorren síntomas leves ós que con frecuencia non se lles dá importancia: perda leve de memoria (especialmente acontecementos recentes); desorientación temporal (incapacidade para saber data e ano en curso); desorientación espacial (incapacidade para recoñecer lugares familiares...); perda da iniciativa...

- **2ª fase** ou fase de demencia moderada: preséntanse síntomas ou problemas marcados, como faltas importantes de memoria, diminución da autosuficiencia (precisa axuda para vestirse, lavarse...); facilidade para

perderse, aumento dos trastornos da linguaxe.

- **3ª fase** ou fase de demencia grave: trae consigo a dependencia total, trastornos intelectuais unidos a decaemento físico significativo: Dificultade para alimentarse incluso con axuda; incapacidade para recoñecer amigos e familiares; incontinencia, comportamento anormal; dificultade na marcha...

A maioría dos pacientes con Alzheimer reciben os seus cuidados nas súas casas, polos propios familiares.

En Lugo existe unha asociación de familiares de enfermos de Alzheimer e outras demencias (AFALU), que ten a súa sede na rúa García Abad, nº 32 - 1º dereita. O teléfono é o 982 24 06 12.

* PARROQUIAS
* MOVEMENTOS
* ASOCIACIONES
* AXENDA DIOCESANA
* LITURXIA
* E todo o que desexa saber sobre a Igrexa en Lugo.

A NOSA VOZ

SUBSCRICIONS:

- ORDINARIA: 10 euros/ano
- BENEFACTOR: 15 euros/ano

Ingresos: Banco de Galicia. Nº conta 0600631224

Información: Nas parroquias, na Vicaría de Pastoral ou no Secretariado de Medios de Comunicación Social.